

**Indicador Municipal da  
Renda dos Fogares  
Base 2000  
Serie 2000-2002**

**Santiago de Compostela, 2005**

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro  
San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela  
Tlfno: 981-541589 (de 9 a 14 horas)  
Fax: 981-541323  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)  
<http://www.ige.xunta.es>

**Elaboración**  
Instituto Galego de Estatística

**Edita**  
Xunta de Galicia  
Consellería de Economía e Facenda

**Colección**  
Área de estatísticas económicas

**Dep. legal**  
C-3023-2005

**Deseño da portada**  
Imago Mundi

**Tiraxe**  
550 exemplares

**Imprime**  
TÓRCULO

## Introdución

O Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta o **Indicador municipal da renda dos fogares, Base 2000, Serie 2000-2002**, operación estatística incluída no Plan galego de estatística 2002-2006 na que se ofrece a estimación da renda dos fogares residentes en Galicia e a súa distribución municipal.

No ano 2002 o IGE publicou por vez primeira o indicador de renda municipal, que ten como ano de referencia dos datos o ano 1996. A presente publicación é unha continuación da anterior, aínda que se modificou o título para incluir unha referencia explícita a que se trata da renda do sector fogares.

Coa obtención deste indicador, o IGE pretende satisfacer unha parte importante da crecente demanda de información económica no ámbito municipal, permitindo, ao mesmo tempo, afondar no coñecemento da realidade económica das familias galegas.

O indicador municipal da renda dos fogares obtense a partir da **Renda Dispoñible Bruta (RDB) por habitante** e permite coñecer a renda familiar media en cada un dos 315 concellos galegos.

É importante salientar que os resultados da conta de renda en base 2000 incorporan o cambio metodolóxico orixinado pola aplicación do Regulamento (CE) nº 448/98 do Consello e o Regulamento (CE) nº 1889/2002 de asignación dos servizos de

intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI) aos sectores usuarios, polo tanto, non son estritamente comparables cos resultados estimados na base 1995.

No primeiro trimestre de 2006 o IGE publicará os datos das Contas Económicas de Galicia (CEG) coa adaptación metodolóxica esixida polos mencionados regulamentos. A estimación do Indicador Municipal da Renda dos Fogares presentado inclúe xa a asignación do SIFMI aos sectores e ramas usuarias.

O cambio metodolóxico orixinado pola aplicación do regulamento 448/98 de asignación do SIFMI, no que respecta á **conta de renda do sector fogares**, implica cambios na estimación de dúas partidas: o excedente de explotación / renda mixta e os intereses incluídos na partida de outros recursos netos.

O excedente de explotación e a renda mixta vense reducidos pola estimación do SIFMI que os fogares destinan a consumo intermedio.

A estimación dos intereses na conta de asignación da renda primaria do sector fogares, é a que resulta despois de deducir o SIFMI dos intereses efectivos a pagar e engadir aos intereses efectivos a recibir. Esta nova valoración supón sumar ao saldo dos intereses efectivos o pago de SIFMI.

## A conta de renda do sector fogares

O punto de partida para a obtención do **Indicador Municipal da Renda dos Fogares** é a estimación da conta de renda do sector fogares, integrada no sistema de contas de Galicia.

O sistema integrado de contas económicas de Galicia presenta un marco central formado polas Táboas Input-Output e as contas anuais e trimestrais, coherente co Sistema Europeo de Contas (SEC) 1995.

O SEC 1995 foi aprobado por Regulamento da Unión Europea e establece a obrigatoriedade de todos os países membros de seguir os seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, as súas componentes e as súas relacións con outras economías. Ademais o SEC 1995 é totalmente coherente coa versión revisada do Sistema de Contas Nacionais (SCN) 1993 que marca as directrices mundiais sobre contabilidade nacional.

Aínda que non se dispón dunha secuencia completa de contas integradas de Galicia nin dos sectores institucionais, seguindo as recomendacións de EUROSTAT, estímase o PIB polas tres vías, as contas de producción e explotación por ramas de actividade e, con esta publicación, as contas de renda do sector fogares.

O Produto Interior Bruto (PIB) dun territorio económico é o resultado das actividades produtivas das unidades residentes.

Os procesos de distribución e redistribución da renda xeran outros saldos contables significativos: renda primaria e renda dispoñible.

A **renda dispoñible do sector fogares** é a variable que mellor reflicte o nivel de renda das familias residentes nun determinado territorio económico.

Esta macromagnitude mide os ingresos de que dispoñen os fogares ao longo dun ano para destinar a consumo ou aforro e reflicte a capacidade adquisitiva dos fogares como resultado dos procesos de producción, asignación e distribución da renda.

No SEC 1995 defínese a conta de asignación da renda primaria e a conta de distribución secundaria da renda, que ten como saldo a **Renda Dispoñible Bruta**.

A conta de asignación rexistra a percepción da renda primaria das unidades residentes en virtude da súa participación no proceso de producción, e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun activo material non producido por poñelos á disposición doutra unidade institucional.

A conta de distribución secundaria da renda analiza a redistribución da renda

primaria a través de transferencias distintas das transferencias en especie e permite calcular a renda disponible que reflicte as operacións correntes e exclúe explicitamente as transferencias de capital.

Nesta publicación preséntase unha conta simplificada de renda dos fogares galegos, como agregación das contas de asignación da renda primaria e distribución secundaria da renda coa seguinte estrutura:

CONTA DE RENDA DOS FOGARES	
EMPREGOS	RECURSOS
Impostos renda e patrimonio	EEB / renda mixta bruta
Cotizacións sociais	Remuneración asalariados
	Prestacións sociais
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	Outros recursos netos

O **excedente de explotación bruto** (EEB) do sector fogares é o xerado pola producción por conta propia de servizos de alugamento das vivendas ocupadas polos seus propietarios. A **renda mixta bruta** corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario ou os membros da súa familia e que non poden distinguirse dos seus beneficios como empresario.

Na partida **outros recursos netos** inclúense as rendas da propiedade e as outras transferencias correntes, ambas en termos netos, é dicir como saldo entre recursos e empregos

Na metodoloxía desta actividade estatística, dispoñible na páxina web do IGE, pódese atopar unha exposición detallada das fontes estatísticas utilizadas así como as principais definicións e conceptos, que en todo caso corresponden á aplicación do SEC 1995.

A utilización dunha metodoloxía común fai que as estimacións das macromagnitudes da economía galega sexan perfectamente comparables coas estimadas por outros países ou territorios económicos. Así mesmo, os resultados da conta de renda son coerentes coas restantes estatísticas integradas no sistema de contas de Galicia.

Na publicación en papel preséntanse os principais resultados e unha primeira análise destes, mentres que os resultados detallados preséntanse na páxina web do IGE.

Mantense na nosa páxina web a información relativa ao Indicador de Renda Municipal, base 1995 para o ano 1996 aínda que é importante ter en conta que os resultados obtidos nas dúas bases non son comparables, tal como se explica na metodoloxía.

### A renda dos fogares galegos

A estimación da conta de renda do sector fogares para o ano 2000 proporciona o valor da renda disponible bruta das familias

residentes en Galicia que é de 22.722 millóns de euros.

Esta magnitude obtense como saldo entre os recursos e empregos do sector fogares. Os recursos ascenden a un total de 29.040 millóns de euros repartidos por fontes de renda do seguinte modo:

- O 55% dos recursos totais dos fogares corresponden á remuneración dos asalariados
- O 21% corresponde ao excedente xerado nas empresas non constituídas en sociedade que pertencen ao sector fogares
- O 18% dos recursos dos fogares son prestacións sociais distintas das prestacións sociais en especie
- O 6% restante son un conxunto moi heteroxéneo de rendas que se recollen baixo o nome de 'Outros recursos netos', e que principalmente recolle rendas da propiedade e transferencias correntes.

Do total de recursos percibidos polos fogares deben restarse os impostos sobre a renda e o patrimonio e as cotizacións sociais para chegar á renda disponible bruta.

Os impostos sobre a renda e o patrimonio pagados polos fogares ascenden, no ano 2000, a 1.722 millóns de euros, o 8% da RDB e as cotizacións sociais a 4.597 millóns de euros que supón o 20% da renda disponible bruta.

#### **CONTA DE RENDA DOS FOGARES GALICIA**

*Miles de Euros*

RECURSOS	2000
EEB / renda mixta bruta	6.067.755
Remuneración dos asalariados	16.072.593
Prestacións sociais	5.200.895
Outros recursos netos	1.698.991
EMPREGOS	2000
Impostos sobre a renda e o patrimonio	1.721.687
Cotizacións sociais	4.596.816
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>22.721.731</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares.

Esta estrutura da conta de renda dos fogares galegos manteñese praticamente invariable nos anos 2001 e 2002, anos nos que se rexistra un crecemento da RDB do 5% e 4,5% respectivamente.

A conta de renda pode analizarse tamén en termos por habitante, de xeito que as magnitudes relativas son más facilmente interpretables. Así, no ano 2000 a renda media dos fogares galegos era de 8.317 euros por habitante.

#### **CONTA DE RENDA DOS FOGARES GALICIA**

*Euros por habitante*

RECURSOS	2000
EEB / renda mixta bruta	2.221
Remuneración dos asalariados	5.883
Prestacións sociais	1.904
Outros recursos netos	622
EMPREGOS	2000
Impostos sobre a renda e o patrimonio	630
Cotizacións sociais	1.683
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.317</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares.

Debido ao baixo crecemento rexistrado na poboación galega nos anos 2001 e 2002, a RDB por habitante presenta uns crecementos moi similares, un 5,1% e 4,3%.

Poden compararse estas taxas de crecemento da renda nominal dos fogares coa evolución do IPC. O índice de prezos ao consumo presentou crecementos do 2,6% e 4,3%, polo que pode concluírse que, en media, os fogares galegos gañaron capacidade adquisitiva en 2001 e que a mantiveron en 2002.

### A renda dos fogares nas provincias galegas

O obxectivo desta estatística non é só a estimación da renda dos fogares galegos, tamén proporciona información sobre a distribución territorial desta renda.

Para achegarnos ao coñecemento do reparto territorial da renda, obtense a conta de renda nos concellos galegos, e por agregación, chégase ás variables provinciais.

Así, debe terse en conta que o obxectivo desta estatística non é a estimación provincial da renda senón que se obtén este resultado como agregación dos datos municipais.

Os datos do período 2000-2002 en termos absolutos indican que o 41% da RDB corresponde aos fogares residentes na provincia da Coruña, o 13% en Lugo e a mesma porcentaxe en Ourense, e o 33% restante corresponde ás rendas percibidas polos fogares residentes na provincia de Pontevedra.

A partir da análise da estrutura da conta de renda das catro provincias, pódese concluír que existe unha clara dicotomía na procedencia da renda:


- As provincias da Coruña e Pontevedra destacan polo importante peso das rendas do traballo asalariado
- As rendas de Ourense e Lugo presentan un peso moi inferior na remuneración dos asalariados e un peso moi superior ao da comunitade autónoma nas prestacións sociais e no excedente de explotación e a renda mixta.

A procedencia da renda en cada unha das catro provincias galegas pode analizarse nos seguintes gráficos para o ano 2000:




## Estrutura dos recursos dos fogares nas provincias galegas. Ano 2000


**A Coruña**




**Lugo**



**Ourense**



**Pontevedra**



■ Remuneración asalariados ■ EEB / Renda Mixta □ Prestación social □ Outros recursos netos

O elevado nivel da renda mixta en Lugo ven dado polas actividades agrarias, ás que se asocia un elevado emprego non asalariado e unha baixa produtividade.

Así, máis dun terzo da renda mixta agraria concéntrase na provincia de Lugo, mentres que da renda mixta, agás sectores agrario e a pesca, máis da metade concéntrase na provincia da Coruña.

A renda mixta agraria supón preto do 20% da renda mixta total (sen considerar o excedente de explotación).

**O excedente de explotación e a renda mixta** para o conxunto de Galicia obtense como saldo da conta de explotación do sector fogares.

Para o reparto municipal desta partida distínguese o excedente de explotación e a renda mixta agraria, pesqueira e das restantes actividades. A distinción das rendas mixtas por actividade permite ter en conta as distintas produtividades e a distinta estrutura do emprego non asalariado nos concellos.

Para máis información sobre as fontes utilizadas na estimación de cada partida pode verse a metodoloxía desta actividade estatística.

Pero non só merecen atención os datos da renda en termos absolutos. Ao por en relación a renda e a poboación residente pódese comparar a renda media por habitante das catro provincias galegas.

Considerando que a renda media de Galicia é 100, a renda das provincias galegas no ano 2000 oscila entre 102 na Coruña e 98 en Lugo e Pontevedra.

No período 2000-2002 este indicador provincial presenta valores moi estables:

#### INDICADOR DE RENDA DOS FOGARES

Datos por habitante. Galicia = 100

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2.000	102	98	99	98
2.001	102	99	99	98
2.002	102	99	99	99

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares

As contas de renda en termos por habitante para o ano 2000, indican que a provincia da Coruña non só é a de máis renda senón que ademais presenta niveis superiores á media de Galicia en todas as partidas agás o excedente de explotación e a renda mixta.

Na situación contraria está Pontevedra que presenta variables por baixo da media galega en todas as partidas, agás a remuneración de asalariados e as cotizacións sociais, partidas nas que presenta o maior valor por habitante.

#### CONTA DE RENDA DOS FOGARES

ANO 2000

Datos por habitante. Galicia = 100

RECURSOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
EEB / renda mixta bruta	97	119	105	94
Remuneración asalariados	107	79	80	108
Prestacións sociais	100	118	113	88
Outros recursos netos	110	83	149	77
EMPREGOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Impostos renda e patrim.	116	78	74	99
Cotizacións sociais	105	85	83	106
RENDA DISPONIBLE BRUTA	102	98	99	98

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares

Coherente coa estrutura dos recursos nas provincias, obsérvase en Lugo e Ourense un elevado nivel das prestacións sociais por habitante en relación coa media de Galicia.

En Lugo destaca, ademais, o nivel da renda mixta que presenta o maior valor deste indicador.

En Ourense o indicador de outros recursos netos presenta un valor case un 50% superior á media galega. Como xa se indicou, hai que relativizar este resultado xa que este recurso supón só o 6% do total na conta de Galicia, sendo ademais a única partida que presenta unha evolución decrecente en termos absolutos.

Tamén destaca o baixo nivel en relación coa media dos impostos sobre a renda e o patrimonio nas provincias de Lugo e Ourense e dos outros recursos netos en Pontevedra.

No período 2000 a 2002 a provincia que presenta un maior crecemento da súa RDB por habitante é Lugo, e Ourense é a que menos medra.

provincias, no ano 2002 as taxas de crecemento son moi similares, mentres que en 2001 rexístrase unha diferenza de 1,5 puntos entre a provincia con maior e menor crecemento.


### A renda familiar nos concellos galegos

A desagregación municipal da conta de renda do sector fogares, permite aproveitar a abundante información municipal dándolle coherencia cos agregados rexionais. A gran cantidade de información utilizada na estimación municipal e o feito de non basearse nun modelo econométrico senón nun reparto dos datos rexionais, proporcionálle solidez aos resultados.

A publicación do Indicador Municipal da Renda dos Fogares permite analizar as disparidades territoriais das distintas variables económicas estimadas nunha conta de renda.

O Indicador Municipal da Renda dos Fogares proporciona, en primeiro lugar, a estimación do nivel de renda media, en termos absolutos e relativos (valor 100 para Galicia).

Así, o concello cun maior nivel de renda media é Beariz, cunha renda en 2000 de 19.526 euros por habitante, o que supón un indicador de 235, é dicir, a renda media de Beariz é máis do dobre da media de Galicia.



Como se pode ver no gráfico da evolución da renda por habitante en Galicia e

No extremo oposto atópase Dozón, cunha renda media de 3.948 euros e un indicador de 47.

Aínda que xa se indicou que os resultados non son directamente comparables cos do ano 1996, na base anterior, estes dous concellos eran tamén os extremos en renda media de Galicia.


Na serie presentada para os anos 2000 a 2002, estes concellos manteñen a súa posición salvo en 2002 que Dozón pasa á penúltima posición, ocupando Covelo o último posto en renda media.

Un dos aspectos que se pode constatar á vista dos resultados obtidos para Galicia, é que non só se observan desigualdades territoriais no nivel de renda dos concellos, senón tamén na procedencia destas. A dicotomía observada nas provincias galegas en canto á orixe da súa renda é aínda máis pronunciada nos datos municipais.


Os seguintes gráficos presentan a estrutura dos recursos da conta de renda de dous concellos galegos cun elevado nivel de renda pero cunha procedencia desta renda moi distinta:

### Estrutura dos recursos dos fogares. Ano 2000

**Beariz**



**Ames**



[■ Remuneración asalariados ■ EEB / Renda Mixta  
□ Prestación social □ Outros recursos netos]

Así, algúns concellos destacan por elevados ingresos nas rendas procedentes do traballo (dependente ou por conta propia), destacando as grandes cidades e os núcleos próximos ás zonas de importante actividade económica (as capitais de provincia, Vigo, Santiago de

Compostela, Ames, Oleiros, Culleredo e Cambre).

Por outra parte, tamén con niveis relativamente altos de renda por habitante, destacan concellos cunha renda moi elevada a pesar de presentar indicadores moi desfavorables de actividade económica, emprego e demográficos (debido a unha poboación moi envellecida). Trátase de fogares nos que a fonte de renda principal son as remesas de emigrantes e en todo caso son situacions locais que co tempo, posiblemente, iranse reducindo en importancia, pero que permiten valorar economicamente unha característica específica de certas zonas do interior de Galicia (destacan Beariz, Avión e O Irixo).

En todo caso, deben relativizarse estes resultados xa que se trata de concellos con moi poucos habitantes, polo que a repercusión destas rendas no conxunto galego é moi reducida (os tres concellos anteriores suman algo máis de 6.800 habitantes en 2000).

Os mapas presentados nesta publicación só para o ano 2000 pretenden incidir nestes dous aspectos:

- O distinto nivel de renda dos concellos.
- O principal recurso en cada concello.

Así, o primeiro mapa indica a posición de cada concello no conxunto de Galicia en canto á súa renda media, sen ter en conta a súa procedencia.

No segundo mapa analízase a procedencia da renda a partir do peso que ten cada recurso da conta de renda, sen ter en conta o nivel desta.

Número de concellos por fonte principal de renda

	2000	2001	2002 (p)
EEB / renda mixta bruta	50	56	49
Remuneración dos asalariados	216	220	231
Prestacións sociais	47	37	32
Outros recursos netos	2	2	3
	<b>315</b>	<b>315</b>	<b>315</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

É interesante a análise deste aspecto por provincias, así para o ano 2000 temos:

Número de concellos por fonte principal de renda  
Ano 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
EEB / renda mixta bruta	6	33	5	6
Remuneración dos asalariados	88	27	45	56
Prestacións sociais	0	7	40	0
Outros recursos netos	0	0	2	0
	<b>94</b>	<b>67</b>	<b>92</b>	<b>62</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares

Por último, da ordenación dos concellos por nivel medio de cada un dos recursos considerados no período 2000-2002 obtéñense os seguintes resultados:

Os concellos con maior nivel medio de **remuneración dos asalariados** son Ames, Oleiros e Teo cun valor un 50% superior á media de Galicia . Entre o 30% e o 50% superior á media están os concellos de Culleredo, Cambre, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela.

Curiosamente, os dous concellos cunha menor remuneración dos asalariados son

Beariz e Avión, cunha media por habitante nesta partida inferior ao 20% da media de Galicia.

Os concellos cunha **renda mixta** por habitante máis elevada pertencen á provincia de Lugo (Riotorto, Meira, Lourenzá e A Pastoriza), cunha renda procedente principalmente das actividades agrarias. Tamén destaca a Illa de Arousa, concello no que a súa renda provén principalmente da actividade pesqueira.

Ordenando os concellos pola media das **prestacións sociais** no ano 2000, os 28 primeiros postos son concellos das provincias de Lugo e Ourense, e o primeiro concello da provincia de Pontevedra é Forcarei que se atopa máis aló da metade da táboa, no posto 160.

En canto aos **outros recursos netos**, os concellos de Beariz e Avión son claros exemplos de comportamentos atípicos dado o seu elevado nivel de renda media procedente case exclusivamente das transferencias correntes.

Dos concellos con menor renda, se consideramos aqueles cun indicador inferior a 80, temos 71 concellos en 2000 e 54 en 2001 e 2002.

Os concellos con maior crecemento da súa renda media entre 2000 e 2002 son Triacastela, O Irixo e Beariz, nos tres casos grazas ao crecemento experimentado pola partida 'outros recursos netos'.

No extremo contrario, o único concello que ve reducida a súa renda media é Ames, cunha taxa do -1%.

## **CONTA DE RENDA DOS FOGARES GALICIA**

*Miles de Euros*

<b>RECURSOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
EEB / renda mixta bruta	6.067.755	6.586.922	6.851.068
Remuneración dos asalariados	16.072.593	17.036.941	18.151.038
Prestacións sociais	5.200.895	5.435.842	5.666.244
Outros recursos netos	1.698.991	1.697.475	1.585.896
<b>EMPREGOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
Impostos sobre a renda e o património	1.721.687	1.926.372	2.188.753
Cotizacións sociais	4.596.816	4.965.379	5.118.844
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>22.721.731</b>	<b>23.865.429</b>	<b>24.946.649</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares.

(P) Provisional

## **CONTA DE RENDA DOS FOGARES GALICIA**

*Euros por habitante*

<b>RECURSOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
EEB / renda mixta bruta	2.221	2.412	2.504
Remuneración dos asalariados	5.883	6.239	6.633
Prestacións sociais	1.904	1.991	2.071
Outros recursos netos	622	622	580
<b>EMPREGOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
Impostos sobre a renda e o patrimonio	630	705	800
Cotizacións sociais	1.683	1.818	1.871
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.317</b>	<b>8.741</b>	<b>9.117</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares.

(P) Provisional

## CONTA DE RENDA DOS FOGARES A CORUÑA

*Euros por habitante*

RECURSOS	2000	2001	2002 (p)
EEB / renda mixta bruta	2.152	2.351	2.450
Remuneración dos asalariados	6.269	6.659	7.041
Prestacións sociais	1.901	1.974	2.074
Outros recursos netos	683	669	628
EMPREGOS	2000	2001	2002 (p)
Impostos sobre a renda e o patrimonio	733	823	935
Cotizacións sociais	1.774	1.922	1.966
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.498</b>	<b>8.908</b>	<b>9.292</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

## CONTA DE RENDA DOS FOGARES LUGO

*Euros por habitante*

RECURSOS	2000	2001	2002 (p)
EEB / renda mixta bruta	2.643	2.907	3.016
Remuneración dos asalariados	4.663	4.960	5.307
Prestacións sociais	2.246	2.354	2.423
Outros recursos netos	518	513	462
EMPREGOS	2000	2001	2002 (p)
Impostos sobre a renda e o patrimonio	491	551	620
Cotizacións sociais	1.428	1.537	1.592
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.151</b>	<b>8.646</b>	<b>8.996</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

## **CONTA DE RENDA DOS FOGARES OURENSE**

*Euros por habitante*

<b>RECURSOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
EEB / renda mixta bruta	2.331	2.481	2.592
Remuneración dos asalariados	4.733	5.005	5.373
Prestacións sociais	2.153	2.255	2.315
Outros recursos netos	925	943	893
<b>EMPREGOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
Impostos sobre a renda e o patrimonio	467	523	592
Cotizacións sociais	1.405	1.509	1.563
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.270</b>	<b>8.652</b>	<b>9.018</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

## **CONTA DE RENDA DOS FOGARES PONTEVEDRA**

*Euros por habitante*

<b>RECURSOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
EEB / renda mixta bruta	2.094	2.265	2.335
Remuneración dos asalariados	6.337	6.700	7.126
Prestacións sociais	1.676	1.768	1.837
Outros recursos netos	476	487	450
<b>EMPREGOS</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002 (p)</b>
Impostos sobre a renda e o patrimonio	623	693	784
Cotizacións sociais	1.778	1.921	1.978
<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA</b>	<b>8.182</b>	<b>8.606</b>	<b>8.986</b>

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

**Indicador Municipal da Renda dos Fogares**

Cód. prov.	Cód. num.	Nome	IMRF			Número de orde		
			2000	2001	2002(p)	2000	2001	2002(p)
15	1	Abegondo	96	94	93	72	99	109
15	2	Ames	121	114	109	3	8	14
15	3	Aranga	81	85	86	236	198	194
15	4	Ares	96	96	95	69	72	86
15	5	Arteixo	105	101	98	22	40	53
15	6	Arzúa	83	87	87	201	177	181
15	7	Bafía, A	68	71	72	306	304	299
15	8	Bergondo	104	103	100	29	30	43
15	9	Betanzos	109	109	106	16	15	23
15	10	Boimorto	81	84	82	234	213	230
15	11	Boiro	92	93	92	112	103	118
15	12	Boqueixón	85	85	84	186	199	217
15	13	Brión	90	89	87	125	157	180
15	14	Cabana de Bergantiños	78	81	83	263	250	224
15	15	Cabanas	104	103	102	26	27	31
15	16	Camarñas	87	92	93	162	122	99
15	17	Cambre	114	110	107	8	13	17
15	18	Capeña, A	110	116	115	15	6	7
15	19	Carballo	99	100	101	47	43	41
15	901	Cariño	83	86	88	199	192	172
15	20	Carnota	82	83	87	217	226	184
15	21	Carral	99	97	98	50	60	54
15	22	Cedeira	90	91	90	130	138	141
15	23	Cee	98	100	101	53	46	37
15	24	Cerdedo	106	104	104	20	26	26
15	25	Cerdido	80	81	80	238	245	257
15	26	Cesuras	84	85	86	193	205	199
15	27	Coirós	99	98	94	44	55	91
15	28	Corcubión	86	84	87	177	211	182
15	29	Coristanco	87	88	91	161	160	129
15	30	Coruña, A	121	118	117	4	3	4
15	31	Culleredo	113	110	107	9	12	18
15	32	Curtis	89	90	89	142	149	159
15	33	Dodro	77	78	80	272	268	261
15	34	Dumbria	71	74	76	300	290	283
15	35	Fene	104	106	107	24	21	21
15	36	Ferrol	105	104	107	23	25	20
15	37	Fisterra	72	72	77	295	302	276
15	38	Frades	82	85	86	224	206	196
15	39	Irixoa	82	84	85	227	209	203
15	41	Laracha, A	93	94	95	101	95	82
15	40	Laxe	80	82	85	242	230	205
15	42	Lousame	70	73	74	302	295	291
15	43	Malpica	87	89	89	159	152	146
15	44	Mañón	87	86	85	160	187	211
15	45	Mazaricos	75	79	78	286	266	269
15	46	Melide	78	83	79	265	218	262
15	47	Mesía	82	85	87	221	197	188
15	48	Miño	95	93	92	74	109	114
15	49	Moeche	91	89	91	116	153	132
15	50	Monfero	78	82	82	257	237	241
15	51	Mugardos	94	95	96	87	88	76
15	53	Muros	79	80	81	245	253	254
15	52	Muxía	74	76	76	287	280	278
15	54	Narón	107	108	110	19	19	13
15	55	Neda	94	92	97	89	121	63
15	56	Negreira	90	93	92	127	106	120
15	57	Noia	95	96	96	76	78	69
15	58	Oleiros	117	114	112	6	7	9
15	59	Ordes	101	103	102	37	28	32
15	60	Oroso	103	99	98	31	51	51
15	61	Ortigueira	94	93	92	88	111	117
15	62	Outes	79	81	82	248	238	232

**Indicador Municipal da Renda dos Fogares** (continuación)

Cód. prov.	Cód. num.	Nome	IMRF			Número de orde		
			2000	2001	2002(p)	2000	2001	2002(p)
15	63	Oza dos Ríos	95	95	96	81	80	72
15	64	Paderne	97	96	96	67	68	70
15	65	Padrón	82	83	86	213	223	192
15	66	Pino, O	73	74	73	292	288	293
15	67	Pobra do Caramiñal, A	89	91	91	138	135	128
15	68	Ponteceso	87	89	90	153	158	139
15	69	Pontedeume	94	94	96	85	89	75
15	70	Pontes de García Rodríguez, As	104	108	109	28	18	15
15	71	Porto do Son	77	80	82	269	256	238
15	72	Rianxo	89	92	91	146	127	131
15	73	Ribeira	78	80	81	261	254	251
15	74	Rois	81	82	84	235	229	216
15	75	Sada	112	108	107	12	16	19
15	76	San Sadurniño	92	92	93	110	118	105
15	77	Santa Comba	106	105	112	21	22	10
15	78	Santiago de Compostela	109	110	110	17	11	12
15	79	Santiso	80	79	78	241	265	274
15	80	Sobrado	76	77	78	279	273	270
15	81	Somozas, As	91	91	91	113	129	125
15	82	Teo	111	108	106	13	20	22
15	83	Toques	73	73	74	293	293	288
15	84	Tordoia	76	79	80	273	263	259
15	85	Touro	75	78	78	284	272	271
15	86	Trazo	83	85	87	203	201	185
15	88	Val do Dubra	91	92	91	121	117	130
15	87	Valdovín	96	97	94	71	61	93
15	89	Vedra	84	86	88	190	193	175
15	91	Vilarmaior	83	84	83	200	212	226
15	90	Vilasanitar	82	83	82	222	222	233
15	92	Vimianzo	78	81	81	264	242	249
15	93	Zas	93	93	96	99	110	77
27	1	Abadín	89	94	93	139	91	104
27	2	Alfoz	88	87	86	147	173	193
27	3	Antas de Ulla	81	81	80	232	241	260
27	4	Baleira	82	88	87	228	166	183
27	901	Baralla	85	87	88	185	172	168
27	5	Barreiros	101	100	101	35	41	34
27	6	Becerrea	89	93	93	141	104	106
27	7	Begonte	84	84	85	189	217	213
27	8	Bóveda	96	96	93	73	79	107
27	902	Burela	100	100	101	40	44	40
27	9	Carballido	84	87	87	191	170	187
27	10	Castro de Rei	82	85	84	215	204	215
27	11	Castroverde	85	94	89	180	98	164
27	12	Cervantes	83	87	88	209	176	177
27	13	Cervo	100	100	100	43	47	42
27	16	Chantada	90	91	89	128	140	161
27	14	Corgo, O	89	88	88	144	167	173
27	15	Cospeito	86	90	90	170	147	137
27	17	Folgosó do Courel	87	91	89	156	128	155
27	18	Fonsagrada, A	87	91	91	155	131	122
27	19	Foz	102	102	104	33	33	27
27	20	Friol	78	80	79	260	261	265
27	22	Guitiriz	90	91	91	136	136	127
27	23	Guntín	80	83	82	244	220	227
27	24	Incio, O	87	88	88	158	161	169
27	26	Láncara	82	87	88	223	184	176
27	27	Lourenzá	100	102	101	38	37	38
27	28	Lugo	117	116	116	5	4	6
27	29	Meira	97	96	94	61	70	94
27	30	Mondariz	96	98	97	70	56	62
27	31	Monforte de Lemos	99	98	98	48	57	55
27	32	Monterroso	85	84	84	182	215	214

**Indicador Municipal da Renda dos Fogares** (continuación)

Cód. prov.	Cód. num.	Nome	IMRF			Número de orde		
			2000	2001	2002(p)	2000	2001	2002(p)
27	33	Muras	87	91	90	157	143	136
27	34	Navia de Suarna	91	93	94	123	112	95
27	35	Negreira de Muñiz	76	77	79	274	277	266
27	37	Nogais, As	91	93	93	122	108	98
27	38	Ourolo	88	89	89	150	155	153
27	39	Outeiro de Rei	91	91	90	114	133	140
27	40	Palas de Rei	85	91	89	181	142	148
27	41	Pantón	91	93	92	117	113	115
27	42	Paradela	77	83	85	271	225	212
27	43	Páramo, O	80	84	82	240	216	229
27	44	Pastoriza, A	84	89	89	194	150	154
27	45	Pedrafita do Cebreiro	92	95	92	105	86	116
27	47	Pobra do Brollón, A	95	94	92	84	101	113
27	46	Pol	84	89	89	195	159	166
27	48	Pontenova, A	99	105	100	51	23	44
27	49	Portomarín	83	86	85	208	196	207
27	50	Quiroga	92	91	93	108	141	103
27	56	Rábade	101	100	101	36	42	36
27	51	Ribadeo	104	103	104	27	29	28
27	52	Ribas de Sil	85	81	80	187	246	256
27	53	Ribeira de Piquín	91	96	93	119	75	108
27	54	Riotorto	98	101	102	58	39	30
27	55	Samos	83	86	85	207	195	202
27	57	Sarria	97	99	97	63	52	58
27	58	Saviñao, O	90	91	90	129	130	143
27	59	Sober	90	89	87	126	156	178
27	60	Taboada	79	80	81	254	255	250
27	61	Trabada	93	95	96	100	81	67
27	62	Triacastela	86	88	106	171	162	24
27	63	Valadouro, O	97	97	97	64	63	64
27	64	Vicedo, O	86	87	89	167	180	151
27	65	Vilalba	94	97	97	96	64	66
27	66	Viveiro	99	102	100	46	32	46
27	21	Xermade	85	90	92	183	144	121
27	25	Xove	90	90	89	131	148	162
32	1	Allariz	100	104	102	39	24	33
32	2	Amoeiro	89	87	89	143	175	156
32	3	Arnoia, A	76	77	75	278	274	286
32	4	Avión	141	144	144	2	2	2
32	5	Baltar	95	97	92	82	65	119
32	6	Bande	86	88	89	173	164	160
32	7	Baños de Molgas	90	91	90	133	137	133
32	8	Barbadás	94	90	89	91	146	158
32	9	Barco de Valdeorras, O	111	109	108	14	14	16
32	10	Beade	62	62	62	310	309	311
32	11	Beariz	235	227	262	1	1	1
32	12	Blancos, Os	70	73	75	301	292	284
32	13	Boborás	80	81	82	237	239	235
32	14	Bola, A	84	86	85	197	189	210
32	15	Bolo, O	91	95	91	120	83	124
32	16	Calvos de Randín	100	96	95	41	77	87
32	18	Carballeda de Avia	79	81	84	252	243	218
32	17	Carballeda de Valdeorras	98	98	98	59	58	52
32	19	Carballiño, O	107	108	105	18	17	25
32	20	Cartelle	83	83	83	202	224	225
32	22	Castrelo de Miño	82	81	81	218	248	255
32	21	Castrelo do Val	74	72	73	288	298	296
32	23	Castro Caldelas	97	97	95	60	59	85
32	24	Celanova	103	102	101	32	31	39
32	25	Cerdedo	79	80	76	250	258	279
32	29	Chandrex de Queixa	76	77	77	277	276	277
32	26	Coles	88	86	86	151	191	201
32	27	Cortegada	80	79	81	239	264	243

**Indicador Municipal da Renda dos Fogares** (continuación)


Cód. prov.	Cód. num.	Nome	IMRF			Número de orde		
			2000	2001	2002(p)	2000	2001	2002(p)
32	28	Cualedro	79	78	79	249	271	267
32	30	Entrimo	95	97	96	79	62	73
32	31	Esgos	85	82	81	179	228	252
32	33	Gomesende	90	92	89	134	123	165
32	34	Gudiña, A	86	90	90	169	145	138
32	35	Irixo, O	98	102	120	55	34	3
32	38	Larouco	95	96	99	80	69	50
32	39	Laza	82	80	81	219	259	245
32	40	Leiro	86	86	89	166	188	157
32	41	Lobeira	86	87	81	178	178	253
32	42	Lobios	77	75	76	270	282	280
32	43	Maceda	95	92	92	75	120	110
32	44	Manzaneda	95	95	95	83	85	88
32	45	Maside	89	88	89	145	169	147
32	46	Melón	77	81	82	268	251	234
32	47	Merca, A	104	99	99	25	49	48
32	48	Mezquita, A	72	72	72	297	300	302
32	49	Montederramo	83	84	85	211	208	206
32	50	Monterrei	76	75	76	275	285	281
32	51	Muiños	79	78	76	246	269	282
32	52	Nogueira de Ramuín	88	87	85	152	182	208
32	53	Oímbra	70	68	69	303	305	306
32	54	Ourense	117	116	116	7	5	5
32	55	Paderne de Allariz	100	99	97	42	48	61
32	56	Padrenda	71	74	73	299	289	294
32	57	Parada de Sil	75	75	72	281	283	301
32	58	Pereiro de Aguiar	78	72	72	256	299	298
32	59	Peroxa, A	78	76	74	259	279	289
32	60	Petín	89	87	91	137	179	123
32	61	Piñor	83	85	84	204	203	222
32	63	Pobra de Trives, A	98	100	96	52	45	71
32	64	Pontedeva	72	74	78	296	286	275
32	62	Porqueira	73	73	71	290	291	304
32	65	Punxín	82	82	82	226	234	239
32	66	Quintela de Leirado	75	74	74	283	287	292
32	67	Rairiz de Veiga	81	83	84	229	221	220
32	68	Ramirás	93	94	89	104	92	163
32	69	Ribadavia	101	102	100	34	35	45
32	71	Riós	86	87	87	175	174	189
32	72	Rúa, A	96	93	93	68	105	102
32	73	Rubiá	95	97	96	77	66	74
32	74	San Amaro	84	84	82	192	210	231
32	75	San Cibrao das Viñas	99	96	94	49	74	92
32	76	San Cristovo de Cea	87	87	87	165	183	179
32	70	San Xoán de Rio	91	93	90	118	102	135
32	77	Sandís	83	83	82	210	227	237
32	78	Sarreaus	72	72	72	294	301	297
32	79	Taboadela	85	85	85	188	200	204
32	80	Teixeira, A	93	92	86	98	126	200
32	81	Toén	82	82	83	216	233	223
32	82	Trasmiras	79	81	79	255	252	263
32	83	Veiga, A	94	92	89	94	119	152
32	84	Verea	76	76	75	276	281	287
32	85	Verín	92	92	90	111	125	144
32	86	Viana do Bolo	88	89	90	149	151	142
32	87	Vilamarín	74	73	73	289	294	295
32	88	Vilamarín de Valdeorras	86	87	87	176	181	190
32	89	Vilar de Barrio	81	81	82	230	240	228
32	90	Vilar de Santos	81	82	81	233	235	242
32	91	Vilardevós	79	78	78	253	270	272
32	92	Vilarinho de Conso	83	91	90	212	134	134
32	32	Xinzo de Limia	92	92	93	109	124	100
32	36	Xunqueira de Ambía	86	86	88	172	190	171
32	37	Xunqueira de Espadanedo	82	82	81	214	232	244

**Indicador Municipal da Renda dos Fogares** (continuación)


Cód. prov.	Cód. num.	Nome	IMRF			Número de orde		
			2000	2001	2002(p)	2000	2001	2002(p)
36	20	Agolada	66	67	70	307	306	305
36	1	Arbo	63	64	64	308	308	309
36	3	Baiona	95	95	94	78	82	90
36	2	Barro	82	82	85	220	231	209
36	4	Bueu	87	88	89	154	165	149
36	5	Caídas de Reis	86	87	88	174	185	170
36	6	Cambados	90	92	92	132	116	112
36	7	Campo Lameiro	78	81	82	266	249	236
36	8	Cangas	92	93	93	106	115	101
36	9	Caranza, A	62	61	64	309	311	308
36	10	Catoira	83	85	86	205	207	195
36	11	Cerdeedo	60	60	61	312	312	312
36	12	Cotobade	79	81	82	251	247	240
36	13	Covelo	53	53	51	314	314	315
36	14	Crescente	55	56	57	313	313	313
36	15	Cuntis	87	88	88	164	168	167
36	16	Dozón	47	51	52	315	315	314
36	17	Estrada, A	94	96	97	90	71	65
36	18	Forcarei	84	87	84	196	171	221
36	19	Fornelos de Montes	61	62	63	311	310	310
36	21	Gondomar	94	94	94	92	100	96
36	22	Grove, O	98	102	103	56	36	29
36	23	Guarda, A	87	86	86	163	194	197
36	901	Illa de Arousa, A	76	81	79	280	244	264
36	24	Lalín	89	91	92	140	132	111
36	25	Lama, A	70	67	65	304	307	307
36	26	Marín	86	88	90	168	163	145
36	27	Mearño	82	85	87	225	202	191
36	28	Meis	80	80	81	243	260	248
36	29	Moaña	97	98	99	65	53	49
36	30	Mondariz	75	75	75	282	284	285
36	31	Mondariz-Balneario	83	78	79	206	267	268
36	32	Moraña	84	87	88	198	186	174
36	33	Mos	97	97	97	66	67	60
36	34	Neves, As	73	73	74	291	296	290
36	35	Nigrán	103	102	101	30	38	35
36	36	Oia	94	94	98	86	96	56
36	37	Pazos de Borbén	77	77	78	267	275	273
36	41	Poio	94	96	96	95	76	68
36	43	Ponte Caldelas	71	72	72	298	297	300
36	42	Pontecorvo	97	94	95	62	90	80
36	44	Pontecesures	92	93	94	107	114	97
36	38	Pontevedra	113	112	112	11	9	8
36	39	Porrío, O	98	98	97	54	54	59
36	40	Portas	78	79	81	258	262	246
36	45	Redondela	99	99	100	45	50	47
36	46	Ribadumia	81	83	87	231	219	186
36	47	Rodeiro	68	72	71	305	303	303
36	48	Rosal, O	85	84	86	184	214	198
36	49	Salceda de Caselas	91	91	91	115	139	126
36	50	Salvaterra de Miño	79	82	84	247	236	219
36	51	Sanxenxo	91	94	95	124	94	78
36	52	Silleda	93	96	98	102	73	57
36	53	Soutomaior	98	95	95	57	87	81
36	54	Tomiño	90	89	89	135	154	150
36	55	Tui	94	95	95	97	84	79
36	56	Valga	75	77	80	285	278	258
36	57	Vigo	113	112	111	10	10	11
36	59	Vila de Cruces	78	80	81	262	257	247
36	58	Vilaboa	94	94	95	93	97	84
36	60	Vilagarcía de Arousa	93	94	95	103	93	83
36	61	Vilanova de Arousa	88	93	95	148	107	89

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares  
(P) Provisional

**MAPA DOS CONCELLOS GALEGOS POR NIVEL DE RENDA  
MEDIA DOS SEUS FOGARES. ANO 2000**



**MAPA DOS CONCELLOS GALEGOS POR FONTE PRINCIPAL  
DE RENDA DOS SEUS FOGARES. ANO 2000**



## CONCELLOS GALEGOS POR FONTE PRINCIPAL DE RENDA DOS SEUS FOGARES. ANO 2000

EEB / Rend. Mix.	Remuneración dos asalariados			Prest. Sociais
Aranga	Negreira	Sarria	Barro	Folgoso do Courel
Mazaricos	Noia	Valadouro, O	Bueu	Incio, O
Santiso	Oleiros	Vicedo, O	Caldas de Reis	Navia de Suarna
Sobrado	Ordes	Vilalba	Cambados	Ourol
Toques	Arzúa	Viveiro	Campo Lameiro	Pantón
Tordoia	Oroso	Xermade	Cangas	Pobra do Brollón, A
Abadín	Baña, A	Outes	Xove	Sober
Antas de Ulla	Betanzos	Oza dos Ríos	Allariz	Baltar
Baleira	Boimorto	Paderne	Amoeiro	Bande
Baralla	Boiro	Padrón	Arnoia, A	Baños de Molgas
Bóveda	Boqueixón	Pino, O	Barbadás	Boborás
Carballido	Bríoñ	Pobra do Caramiñal, A	Barco de Vald., O	Bola, A
Castro de Rei	Cabana de Berg.	Ponteceso	Blancos, Os	Bolo, O
Castrovérde	Cabanas	Pontedeume	Carballeda de Avia	Calvos de Randín
Cervantes	Camarñas	Pontes de García Rodr.	Carballeda de Vald.	Cartelle
Cospeito	Cambre	Porto do Son	Carballiño, O	Castrelo de Miño
Fonsagrada, A	Capela, A	Rianxo	Celanova	Castrelo do Val
Friol	Carballo	Ribeira	Centlle	Castro Caldelas
Guntín	Cariño	Rois	Coles	Chandrex de Queixa
Láncara	Carnota	Sada	Contegada	Cualedro
Lourenzá	Carraí	San Sadurniño	Esgos	Entrímu
Meira	Cedeira	Santa Comba	Gudiña, A	Gomesende
Muras	Cee	Santiago de Comp.	Larouco	Irixo, O
Negreira de Muñiz	Cerceda	Somozas, As	Leiro	Laza
Nogais, As	Cerdido	Teo	Maceda	Lobeira
Palas de Rei	Cesuras	Touro	Manzaneira	Lobios
Paradelo	Coirós	Trazo	Maside	Melón
Páramo, O	Corcubión	Val do Dubra	Merca, A	Montederramo
Pastoriza, A	Coristanco	Valdoviño	Mezquita, A	Muiños
Pedrafita do Cebreiro	Coruña, A	Vedra	Monterrei	Padrenda
Pol	Culleredo	Vilarmaior	Nogueira de Ramuín	Parada de Sil
Portomarín	Curtis	Vilasantar	Oímbra	Piñor
Ribeira de Piquín	Dodro	Vimianzo	Ourense	Porqueira
Riotorto	Dumbría	Zas	Paderne de Allariz	Quintela de Leirado
Samos	Fene	Alfoz	Pereiro de Aguiar	Rairiz de Veiga
Saviñao, O	Ferrol	Barreiros	Peroxa, A	Ramirás
Taboada	Fisterra	Becerrea	Petín	Ríos
Trabada	Frades	Begonte	Pobra de Trives, A	San Amaro
Triacastela	Irixoa	Burela	Punxín	San Xoán de Río
Beade	Laracha, A	Cervo	Ribadavia	Sarreaus
Pontedeva	Laxe	Chantada	Rúa, A	Teixeira, A
San Cristovo de Cea	Lousame	Corgo, O	Rubiá	Trasmíras
Sandiás	Malpica	Foz	San Cibrao das Viñas	Veiga, A
Vilar de Santos	Mañón	Guitiriz	Taboadela	Verea
Agolada	Melié	Lugo	Toén	Vilar de Barrio
Dozón	Mesía	Mondoñedo	Verín	Vilardevós
Forcarei	Miño	Montforte de Lemos	Viana do Bolo	Vilariño de Conso
Illa de Arousa, A	Moeche	Monterroso	Vilamarín	
Lama, A	Monfero	Outeiro de Rei	Vilamartín de Vald.	
Rodeiro	Mugardos	Pontenova, A	Xinzo de Limia	
	Muros	Quiroga	Xunqueira de Ambía	
	Muxía	Rábade	Xunqueira de Espad.	
	Narón	Ribadeo	Arbo	
	Neda	Ribas de Sil	Baiona	

### Out. Rec. Net.

Avión  
Beariz

Fonte: IGE. Indicador Municipal da Renda dos Fogares

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver nas metodoloxías de cada operación incluídas na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)



Dirección postal:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)